



**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACION EN DATA DE VINTE DE XULLO DE 2015.**

ASISTENTES

ALCALDESA-PRESIDENTA

D^a.María Loureiro García

CONCELLEIROS

Jesús Antonio Fernandez Cal, (PS de G-PSOE)

D^a.M^a.Isabel Rodriguez López, (PS de G-PSOE)

D. Jesús Fernández Fernández (PS de G-PSOE)

D^a.Lara Fernández Fernández-Noriega (PS de G-PSOE)

D. Emilio Villarmea Mendez(PS de G-PSOE)

D^a.María Soledad Rey Yañez, (PsdeG-PSOE)

D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro(PsdeG-PSOE)

D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)

D.Jaime Eudardo de Olano Vela, (P.P.)

D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)

D^a.María Jesus Vale López, (P.P.)

D^a.Belinda Bermudez Otero,(P.P.)

D.Bernardo José Fraga Galdo(BNG)

D.Manuel Galdo Dopico(BNG)

D^a.Saray Blanco Canoura (BNG)

D.Victor Marcial Miranda Gómez(SON VIVEIRO)

INTERVENTORA

D^a.Rosa Abelleira Fernández

SECRETARIA ACCTAL

D^a.M^a.Fátima Moar Rivera

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as catorce horas do día vinte de xullo de dous mil quince, baixo a presidencia de Dona María Loureiro García, reúnen-se os Srs.Concelleiros nomeados anteriormente, para celebrar sesión extraordinaria do Pleno do Concello, asistidos da Secretaria accidental, que substitúe para levantar a Acta da sesión.

Comprobado pola Secretaria a existencia do quórum necesario, e sendo a hora asinada para este acto, pola Sra.Alcaldesa declárase aberta a sesión, polo que se procede a tratar o único punto da Orde do Día.



1.- APROBACION DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIVEIRO PARA O EXERCIZO 2015, BASES DE EXECUCION, CADRO PERSOAL, LIMITE DE GASTO NON FINANCIERO PARA ESTE EXERCIZO E DACION DE CONTA DO ANEXO DE INVERSION

Pola Sra. Alcaldesa explícase que se vai a dar comenzo a aprobación do presuposto para o exercizo do 2015, que xa fai meses que esta confeccionado pero que se prefiriu esperar a que pasaran as eleccións municipais para non comprometer ó goberno electo, e dado que, unha vez que se viu o expediente do Orzamento Municipal e a súa documentación complementaria, e que foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía na sesión celebrada o día 15 de xullo de 2015, e tendo en conta que, todos os membros da Corporación teñen coñecemento da refletida documentación, que foi enviada coa convocatoria polas oficinas de secretaría e Intevención en sistema pendrive.

Obra no expediente a proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“ A Alcaldesa – Presidenta do Excmo. Concello de Viveiro (Lugo) Formado por esta Alcaldía–Presidencia o Orzamento da Entidade Local para o exercicio de 2015, tal como establece o artigo 112 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 162 e seguintes do Real Decreto legislativo 2/2004. de 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e Real Decreto 500/90, do 21 de abril, e a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, ó que se une a documenación complementaria e anexos expresada na citada normativa: sometido a informe de Intervención e a ditame da Comisión de Economía e Facenda, que foi dictaminada favorablemente na sesión do 15 de xullo de 2015 coa seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral ou consolidado que ascende a **13.076.145,08 € uros en ingresos e 13.002.923,61 € uros en gastos para o exercicio 2015**, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria, integrado polo do **propio Concello que ascende a 12.655.066,85 € en ingresos e gastos**, o prorrogado da Empresa Turviveiro,S.L. que ascende a **277.870,00€** en ingresos e **276.386,22 €** en gastos, e o prorrogado da empresa Aparcamientos de A.Mariña, S.L. que ascende a **143.208,23 €** en ingresos e **137.570,54 €** en gastos, **co seguinte resumo:**



INGRESOS

C	DENOMINACION	AYUNTAMIENTO	TURVIVEIRO	APARC.A. MARIÑA	TRANSF INTERNA S	CONSOLIDADO
1º	Impuestos Dirctos	4.821.891,34 €	0,00	0,00		4.821.891,34
2º	Impuestos Indirectos	65.000,00€	0,00	0,00		65.000,00
3º	Tasas y otros ingresos	3.550.714,00	277.870,00	28.000,00		3.856.584,00
4º	Transferencias Corrientes	4.155.676,51	0,00	28.208,23		4.183.884,74
5º	Ingresos Patrimoniales	61.785,00	0,00	77.000,00		138.786,00
6º	Enajenación de Inversiones Reales	0,00	0,00	10.000		10.000
7º	Transferencias de Capital	0,00	0,00	0,00		0,00
8º	Activos Financieros	0,00	0,00	0,00		0,00
9º	Pasivos Financieros	0,00	0,00	0,00		0,00
TOTAL		12.655.066,85€	277.870,00	143.208,23€		13.076.145,08€

GASTOS

C	Denominacion	Ayuntamiento	Turviveiro	Aparca a Mariña	Transf. Internas	consolidado
1º	Gastos de Personal	4.903.742,64	193.977,22	106069,00		5.203.788,86
2º	Gastos de bienes corrientes y de servicios	6.397.499,64	81.659,00	31.451,54		6.510.610,18
3º	Gastos Financieros	101.393,56	750,00	50,00		102.193,56
4º	Transferencias Corrientes	357.437,84	0,00	0,00	-86.100,00	301.337,84
5º	Fondos de Continxencia e outros imprevistos	25.000,00	0,00	0,00		25.000,00
6º	Inversiones Reales	197.715,06	0,00	0,00		197.715,06
7º	Transferencias de Capital	0,00	0,00	0,00		0,00
8º	Activos Financieros	0,00	0,00	0,00		0,00
9º	Pasivos Financieros	572.655.066,85	276.386,22	137.570,54	-56.100,00	13.002.923,61
TOTAL		12.655.066,85 €	276.386,22€	137.570,54€	-56.100,00€	13.002.923,61€

Segundo.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

Terceiro.- Aprobar o cadro de persoal comprensivo de tódolos postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, nos termos en que aparece no Anexo de Persoal do Orzamento. O presente Anexo de Perosoal foi confeccionado a partir do

Convenio Colectivo do persoal Laboral e do Acordo Marco do persoal funcionario do Concello de Viveiro vixentes.

Cuarto.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para 2015 ascendente a 12.108.918,22 € e a masa salarial do persoal laboral ascendente a 2.304.061,71 € .

Quinto.- Dación de conta do Anexo de Inversións do 2015.

Sexto.- Manter as modificacións orzamentarias efectuadas no orzamento prorrogado agás os suplementos de crédito e as transferencias incluídas no presente orzamento.

Sétimo.- Expoñer ó público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha, en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Oitavo.- Remitir copia do expediente, recaída a aprobación definitiva, ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 169.4 do Real Decreto 2/2004 e artigo 15.3 da Orden FAP/2105/2012, de 1 de outubro.”

Pola Sra. Alcaldesa seguidamente outórgase o uso da palabra ó Concelleiro-Delegado de Economía e Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, que despois de saudar á Corporación, “ Bos días a todos e todas”, Sra.Alcaldesa, moitas grazas. Expón a súa intervención dicindo que estes Orzamentos xa estaban feitos, como ben dí a Sra.Alcaldesa, antes da constitución do novo Goberno pero que se esperou á celebración das eleccións para non comprometer o Goberno electo.

Prosegue dicindo, que tal como se indicaba na Comisión Informativa de Economía e Facenda do día 15 de xullo, vai explicar cunhas pinceladas este orzamento, xa que evidentemente non se tratade facer aquí unha intervención pormenorizada do orzamento , senon de aqueles elementos que consideramos máis básicos, e primeiramente di, que este ano, trátase duns orzamentos serios e realistas, que están destinaados a asegurar “programas de servizos



básicos e de protección social “, que cumpren tanto coa perspectiva da estabilidade orzamentaria coma coa regra de gasto; así como co porcentaxe de endebedamento; polo tanto existe equilibrio orzamentario e suficiente liñas de créditos para atender o cumprimento das obrigas, e neste mesmo senso, tamén ven a decilo o informe favorable por parte do servizo de Intervención. A continuación, refírese a que o Orzamento deste exercicio 2015, está deseñado para acometer as políticas de: protección social, educación, cultura, deportes e turismo.

Manifesta Igualmente, que a nivel de gasto, mantense a máxima de non subir impostos e a contencións dos gastos.

Prosegue, que si no pasado exercicio tiñamos un período medio de pago a provedores de facturas, de 63 días; xa só no primeiro trimestre deste ano, subía a 71 días, por facturas presentadas este ano que correspondían a outros exercicios. Na actualidade baixámolo a 38,46 días e este é o último dato que está colgado na páxina web da Axencia Tributaria, para tratar de cumprir o esixido polo Goberno e chegar a acadar os (trinta) 30 días marcados.

Prosegue, e dí que a aprobación inicial do Orzamento Xeral que ascende a **12.655.066,85 Euros de ingresos e gastos** para o exercizo do 2015, sin incluír as Sociedades Municipais, **cumpre** tamen coa capacidade de financiamento e un saldo previsible de 653.718, 23 €. o Orzamento ten unha subida, con relación ó ano 2014, de un **5,22%**, que en cifras supón **628.155,37 Euros**.

Seguidamente, pasa enumera-los máis importantes capítulos do Orzamento de Ingresos e dí que desglosado en ingresos, no capítulo de impostos, ten unha subida de 192.684,067 Euros, que a maior parte corresponden ós impostos de Bens Inmóbiles (IBI); Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) e Impostos de Actividades Económicas (IAE), que son de altas novas e actualizacións.

No Capítulo 3, taxas e outros, hai un incremento de 242.824,04 Euros que corresponden ao “saneamento”(aclara que no ano 2014 contabilizouse só un semestre e este ano vai todo).

No Capítulo 4, Transferencias Corrientes.- diñeiro que se recibe de subvencións das Administracións, con respecto á subida, hai 197.000 do Estado e 36.000 da Deputación, isto é con respecto ás subidas.

Con respecto á baixada, temos: No Capítulo 2, Impostos indirectos(sobre construcións) hai 45.000 € de ingresos do ICIO debido ás devolucions.

A continuación, refírese ás distintas partidas do Orzamento de Gastos referenciando como máis salientable, por “Area de Gasto”: A subida na



política de protección social, vías públicas, deportes, turismo e cultura, e rebaixa da débeda con respecto ó 2014.

Sinala, seguidamente, que hai de protección social un aumento de 56.000 Euros, en Cultura 235.000 Euros, en Deportes, 107.000 e en Turismo, 20.000 Euros

No presuposto Xeral de Gastos, a parte da do persoal-salarios, as partidas máis relevantes son: Servizos Sociais, 678.097,60 Euros, que a maior parte se integra no servizo a domicilio. Hai 23.500 Euros para educación familiar, atención alzheimer, plan xitano, política de igualdade, atención emigración. Para atencións sociais, 16.250, Euros con un incremento de 4.000 euros con respecto ano 2014., 200 de primaria, 135.440 Euros, un incremento de 24.000 Euros, garderías infantís 162.000 Euros; conservatorio de música 50.883,23 Euros, bolsas para infracción 29.000 Euros, a Uned, 18.488,59 Euros, administración xeral de Cultura, 300.859,48 €, Festas e Festexos populares, 574.818, 43 euros, promoción cultural 109. 495 €, administración xeral de deportes, inclúe dous capítulos: capítulo 2) 108.812,91 Euros e capítulo 4) 65.000 Euros . A parte as instalacións deportivas 150.310, 43 Euros.

Por Capítulos,

Capítulo 1) gastos de persoal , 4,9 millóns, representan el 38,75% do presuposto e non varía con relación ó exercicio do 2014

Capítulo 2) Bienes corrientes e de servizos, hai un aumento de 763.796,22 Euros. Os principais incrementos son: arrancho de vías, 125.000€, e os servizos de atencións a domicilio, 56.000 €, en deportes, 42.000, en turismo 20.000€, Cultura, 145.295€, administración xeral de cultura, 92.000 Euros, e recollida e tratamento de residuos 55.000 euros.

No Capítulo 3) e 9) de gastos financeiros, hai unha baixada de 270.000 Euros. No capítulo 4) de transferencias, temos un aumento de 61.500 Euros, con 65.000 que suman as asociacións deportivas, 15.000 Euros un traspaso do Viveiro. e 1.100 para aparcamentos a mariña; no capítulo 5) de fondos de continxencias, está previsto dotalo de 25.000 Euros este ano, E no capítulo 6) de Inversións reais, suben 51.000 euros temos o desglose da documentación dos aparcamentos.

En canto á política de endebedamento financeiro tiñamos unha débeda viva a 01-01-2015 de 13.207.092,40 Euros, e a débeda viva ó peche do 2015 será de 12.833.481, 86 Euros., que resulta ser unha baixada de 373.610,54 Euros. En porcentaxes había un 114,03% si nos poñemos en xaneiro do 2014; pasa ó 102,94% e en xaneiro do 2015 . e neste exercicio será dun 100,02% e para rematar a súa intervención, dí que se pretende rebaixar paulatinamente a débeda contraída.



Aberta a gunda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do Partido Popular, D. José Antonio Bouza Rodil, quen despois de saudar ós presentes, ven en manifestar que , como ven sendo habitual, estes Orzamentos veñen tarde e fora de prazo nestas datas de xullo sendo a obriga de traelos antes do 15 de outubro de 2014, e vostedes traénelos hoxe.... cando xa deberían estar confeccionado os orzamentos do 2016., vostedes , estarán empezando a aplicar o exercicio do 2015.

Manifesta tamén o Sr. Bouza Rodil, que é todo un prodixio de xestión a estas alturas e fora de prazo, incumpríndose o compromiso da Sra. Alcaldesa de que non foron consensuados con ninguén e aínda encima preténdese que os apoiemos nós, a pesar de que poidan ser aprobados por maioría, e non están de acordo aínda que aparezan uns orzamentos que técnicamente están ben elaborados, e sí, aproveito para felicitar ós Servizos de Intervención encargados desa elaboración, pero non estambos absolutamente de acordo nas políticas que se traen, porque, sempre se están queixando de que o Goberno aporta pouco..que non da subvencións, pois, digo eu, que si non fora por eso estaríase poñendo ó Concello nunha situación de bancarrota. Hai que lembrar as aportacións estatais e as medidas adoptadas para pago a provedores e tampouco hai máis que lembrar o ano de carencia e interese cero, e incremento das aportacións estatais e haberá que engadir os ingresos indebidos dos anos 2008 e 2009, pois aínda non sei si vostedes lembrarán a “nefasta xestión económica” política económica do Goberno Socialista...e de seguido paso a facer algunhas das valoracións:

No capítulo de gastos, .-gastos de persoal.- e un 38,65% do presuposto, en euros 4,9 millóns (oitocentos quince millosn das antigas pesetas,).Polo tanto, digo que é un capítulo moi elevado e queremos recordar que a Intervención sinala que é convinte que con motivo das características dos postos de traballo que permite xustificar obxectivamente as dotacións económicas dos mesmos, para que non se día o caso, xa que xa se están dando casos, de que vostedes, a determinados traballadores están dándolle gratificacións ó finais de mes nada desdeñabels, sin que se xustifique mínimamente as causas estimadas. Sigán vostedes presupuestando as prazas vacantes da policía local aínda que saiban que non nas van a cubrir, e máis; dispoñen vostedes duns 110.000 euros que se van gastar “íntegramente” en asuntos sempre non xustificados, pero que se está a mermar a seguridade de todos ó non doptar de efectivos a Viveiro, e neste punto, vimos a reclamar que se cubran, dunha vez, as vacantes existentes da policía municipal.



Prosegue dicindo que, no capítulo 2) “Gastos Corrientes e de Servizos” que se incrementa en 763.792 Euro, non é elevado, é elevadísimo, que leva o 50,5 %, e xa digo que, neste apartado o servizo de Intervención, coincide co que pensamos no noso Grupo Municipal, no sentido que é moi elevado, e supón practicamente a metade do presupuestado; o que se explica moi ben “ás craras” por qué a débeda deste Concello e débeda de gasto e non de inversión. Dí que non pasaba así cando gobernaba o Concello o Partido Popular. De ahí as constantes modificacións presupuestarias para os constantes suplementos de créditos, proba desto son os 480.898 euros que se incorporan a estas partidas correspondentes a facturas de caixaon dos anos 2012, 2013, 2014.

Prosegue dicindo que no capítulo 4) de “gastos de transferencias corrientes” hai unha “maravillosa xestión económica” destas empresas que van desaparecer a primeiros de ano; e xa que estas sociedades incurren constantemente en déficit, e estas débedas todos os veciños de Viveiro van a ter que afrontalas, aínda que as empresas desaparezan, fruto da nula capacidade para asesoralas, permitindo o endebedamento destas sociedades, e non adoptar as medidas oportunas para correxir o déficit evitando, desa maneira, a carga para o erario municipal. Por certo, haberá que explicar como un crédito de 280.000 euros que solicita a empresa “Turviveiro,S.L.” se convirte en uns 600.000 euros que van reclamar a entidade, isto é un exemplo da xestión e habería que ir pensando en poñerlle unha calle ó seu nome o xestor ou responsable destas xestións.

O noso grupo tamén se sorprende que non apareza ningunha partida para pagar as sentencias xudiciais, e pensamos que deberon baixar moito os gastos xudiciais, a pesar de que se dota con 25.000 euros en fondos de continxencias, e sinceramente cremos que vai chegar a pouco e non vai ser doado facer fronte a estas.

Continúa dicindo o Sr. Rodil que, no referente a “Festas e festexos” cunha partida de 574.818, 43 euros, que supón un incremento dun 60 por 100 con respecto o exercicio 2014. parécenos un autentico despropósito, e máis aínda cando desa cantidade, 460.000 euros van para “gastos diversos” e decir: repartíranos vostedes -a libre albedrío. Este apartado deberiano de aclarar máis, e dedicalo a inversión. Por exemplo: darlle unha solución definitiva á traida de augas dos veciños de Xunqueira, Landrove e Chavín, ou tamén, manter a liña no Pontigo para que dunha vez por toda remate a obra. E con relación á política deportiva, consígnase 57.000 Euros e aínda que a cantidade non é moita, sí, votase en falta aquela comisión que se encargaría de elaborar uns criterios obxectivos para repartir estas axudas, tal e como está recollido nun pleno, aprobado por unanimidade, dunha moción presentada



polo partido popular coa finalidade de distribuír ás subvencións e cantidades a repartir con criterios obxectivos pero non a gusto de vostedes como se ven facendo. Engade que nestes Orzamentos de 2015 o “equipo de goberno” resérvase partidas que pon: “gastos diversos” e vese o uso partidista das mesmas e non mirando polos intereses dos veciños e, entón, estamos a falar de “falta de transparencia” e “ocultismo”.

E cos gastos relativos a “comunicacións e servizos, si que nos parece moi elevado, máximo na era das novas tecnoloxías e pensamos que hai que adoptar medidas para evitar estes excesos, e xa por último, subliñar que a cantidade consignada de 277.715 € de inversións, que supón un 2,36 de gastos, paréceme impropia aínda que xa nunca foi unha preocupación deste Goberno Municipal.. e basta con repasar as inversións consignadas dos orzamentos prorrogados dos anos 2008 e 2009.

En definitiva, o Partido Popular de Viveiro parécelle un atrevemento traer estes presupostos, uns presupostos cuxos recursos xa están comprometedos e xa están gastados, e considera que estes orzamentos non axudan a crear emprego e tampouco hai partida considerable para as inversións que non sexas as aportacións das subvencións., e a estas alturas, solicitamos que xa se empecen a elaborar os orzamentos do exercicio 2016.

Pola Sra.Alcaldesa respóstalle que menos mal que houbo eleccións e xa se demostrou e viuse que non había mala xestión. Insiste que non cre que houbera tan mala xestión como dí vostede, senon mire o resultado das eleccións que están aí. Engade que nestes Orzamentos vostedes poden discutir a distribución económica que nós faigamos, pero aquí non veñen tarxetas visas, nin dietas que se pasaban por vir de Covas a Viveiro, eso no hai. E tampouco hai consignados gastos por mariscos enviados a Madrid... que había nas épocas anteriores. Di tamén, referíndose o Gobeno noutras épocas, que este Concello de Viveiro tuvo que pagar, por sentencias, 300.000 € dunha subvencións que non foron xustificadas, por exemplo. Remata dándolle a palabra ó Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego.

Seguidamente, e no seu turno de intervencións, toma a palabra o Concelleiro do Grupo Municipal do BNG, D.Bernardo Fraga Galdo, quen da comezo a súa intervención dicindo que tiña a esperanza que esta nova Corporación non ía volver ó regreso ó pasado do ano 2003, e tanto o Partido Popular como o partido do Goberno estamos a falar do pasado e o Concello así, desde o noso punto de vista, non vai ir para adiante... Continúa dicindo, que despois de todo, estes Orzamentos que se traen para o exercicio do 2015, dí que o seu grupo municipal non vai entrar en valoracións, xa que todo o peixe a estas alturas,



está practicamente vendido, e ven sendo liña habitual, e chegan tarde, e si se mira ao futuro, a partir de agora, virán en tempo e forma.....Remata dicindo que o seu Grupo aínda que esperabamos, que esta nova Corporación cambiara e que tivera en conta a participación e colaboración de todos os grupos municipais na elaboración dos orzamentos pero non foi así; esperemos que poda ser nun futuro e valora que se inclúa a partida para deportes e considera “gastos excesivos” a partida de festexos.

A continuación intervén D. Victor Marcial Miranda Gómez, concelleiro de Son -Viveiro e dí que xa se abstuvo na votación ao dictamen da Comisión de Economía e Facenda, e que considera que estes Orzamentos chegan tarde e estamos casi en agosto e ve pouca transparencia, e ningunha participación cidadá, pois seguimos sen poder consultar a documentación na páxina Web e queremos saber en que se gasta o Concello os cartos e non podemos consultar. solicitamos a participacion dos veciños, que poidan defender propostas polo que remata para dicir que hai partidas escasas en servicios básicos e outras excesivas.

Pola Sra.Alcaldesa se lle contesta que os orzamentos estaban feitos e que houbo que esperar-estábamos pendentes dunha operación de financiación e houbo que esperar que o Ministerio nos contestara e nos rebaixou 476.000 euros unha cantidade importante...e ven en considera que os Orzamentos están xa bastante explicados propónse facer unha segunda volta, pero piden que sexan breves, e o noso grupo grupo municipal e eu mesma miramos cara o futuro e xa para rematar, dirixíndose ó Concelleiro de facenda outorgalle a palabra para matizar ou aclarar algunha das partidas ou intervencións.

O Sr. Fernández, Concelleiro-Delegado, contesta aos Sres. Concelleiros que lle sorprende parte do que din, e que xa explicou por activa e pasiva, pero que lle gustaría que estivesen con él para repasar, e cadrar moitas contas.

De seguido, continúa dicindo que referente á partida de Gastos de Persoal, que lle parece excesiva ao voceiro do Partido Popular, dí que isto lévaoo oíndo dende o ano 2007 que entrou na Corporación, e dí que a única forma de disminuir gastos de persoal é votar xente fora. Prosegue preguntándolle ao edil do Partido Popular, “¿ Dígame vostede- Sr. Bouza Rodil, a quen se vota fora- ?.. e dí, que coa que caeu neste País... sería maneira de seguir engrosando polo Concello de Viveiro ás lista do paro”...Pero por outra banda, dín tamén que é elevadísimo o capítulo 2) en 763.792 Euros- non é elevado, é elevadísimo, que leva o 50,55%, que xa o dí o informe de Intervención. “Dígame vostede donde o pón, pois non vexo que diga nada de que estamos



gastando moito en areas de servicios e iso que teño diante os informes da Intervención.

De seguido, refiríndose ó Concelleiro do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo e como ben dí a Sra.Alcaldesa, nosoutros pretendemos mirar para adiante e non para atrais. Continúa e apostilla que o que está feito, esta feito, e o que está mal feito, está mal feito. Explica, que se refire ós 297.000 euros que haberá que pagar pola póliza contraída no seu día do ano 2007, e que non sabemos aínda polo qué no nós levaron ó xulgado. Aínda non sabemos o por qué..., pero, o mellor, non estaría moi ben feito...o que si é certo, é que haina que pagar, e entón serían aboar: 197.000 euros este ano, e 90.000 euros para o outro. E de quita temos uns 300.000 Euros. Continúa aclarando que, efectivamente reclaman 620.000 euros, pero estamos de rebaixas,... e por parte de "Abanca" propón unha quita de máis de 300.000 euros, e digo: ¡Qué benévola es la Banca..!, pero xa digo, 300.000 euros de quita. Por outro lado, na xestión das Sociedade Municipais.. xa non entro, e teñen que desaparecer por Lei a primeiros de ano. E que non temos presupuestado para sentencias, pero para sentencias temos consignado 70.000 Euros que, igual non chegan, pero de momento é o que hai.

Referente as débedas que temos a provedores estase pagando.. e rebaixaronse os días de 71 días a 38 días, a día de hoxe; e entón, é que estamos pagando, senon estiveramos pagando non teríamos esa rebaixa, de momento estamos en boa liña. E dí que, efectivamente, hai cousas mal, pero se van tratar de mellorar, e o lema deste Concelleiro e do seu grupo municipal de goberno e mirar e tirar para adiante.. e dí que a Alcaldesa tamén desexa xuntarse en breve cos portavoces dos grupos municipais para facer e ir compoñendo os orzamentos en tempo e forma cara o exercicio do ano 2016.

Di tamén que, con respecto ás subvencións, sabemos que os presupostos xa estaban feitos e intentaremos melloralos, e xa se fixo un anexo pa subvencións nominativas, e dí tamén que problemas, nas traidas de augas vains haber sempre, todos os días, vamos ter problemas, e temos que tratar de palialos pouco a pouco. Pasa que temos unha traida de auga da época do rei perico, e haberá que ir salvándoa pouco a pouco.

Ten vostede razón cando dí que se consigna pouco para inversións e moito para as Festas, e contéstalle que, pode ser, e haberá que ir cambiándoo, logo falta de transparencia, obscurantismo pero...neso " vostedes "foron "campeóns mundiaias" na falta de transparencia e ata o sei eu.. Efectivamente, como dice Victor Son Viveiro,pode ser que, as asociacións tamén puideran intervir nos presupostos, pero creo que aquí estamos representando a todos os veciños e veciñas de Viveiro e as asociacións deportivas, culturais e



tamén estamos representando ós que no participan en nada, e penso que tamén tiñan que falar, desde o meu punto de vista, si no se está nunha asociación tamén terían que falar como veciños que son. Si que cada asociación veciñal pode mandar unhas propostas, claro que poden e tamén os grupos que forman a Corporación poden facer unha enmenda. Pois haber si, dunha vez, nos sentamos e empezamos a fraguar o “futuro” uns orzamentos de “regreso ó futuro”.. no regreso ao pasado” como a película que se chama así.

Dí tamén que xa se arranxou en Chavín e estáse arranxando en Xunqueira

De novo e por alusións, Dona María Loureiro Alcaldesa polo PSdeG-PSOE, respóstalle ao voceiro do Grupo Municipal do P.P. Sr. Bouza Rodil, que hai transparencia nesta corporación e, xa está visto no rexistro municipal que acostuma a visitar e a pararse unha hora de nove a dez, cando o Grupo do Partido Popular desexa analizar toda a documentación que ten entrada e saída neste Concello. Polo que lle parece que o goberno municipal está a demostrar transparencia e non ocultismo cando se ve obrigado a paralizar o rexistr municipal co coseguite prexuízo.

intervén o Sr.D.Antonio José Bouza Rodil, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular que sinala en resposta, quenes están falando do pasado son vostedes, e manténse na postura de que segue moi elevado o capítulo 1 de persoal, pero que o seu Grupo nunca falou de votar a ninguén senón de racionalizar e non seguir aumentando a partida de persoal.

Prosegue manifestando que o seu Grupo sempre está dispostos a colaborar e se está ofrecendo para participar na elaboración dos orzamentos, e hai moitos escritos que veñen pidindoo como membros desta Corporación que somos e queremos poder participar na elaboración dos orzamentos do Concello pero, ata a data non foi así.

Fai referencia tamén o Sr. Concelleiro a que no relativo a gastos por execución de sentencias e gastos xurídicos a cantidade é escasa, e que non vai chegar a nada con tantos procesos xurídicos, polo que considera que deberían aumentala.. e parécelle excesivo o consignado para festas, e dí que o seu grupo está a fiscalizar o traballo que fai o Grupo de Goberno, e que vostedes estarían preocupados se no nos preocupamos de nada do Concello, e esta que esa e a súa función, a de controlar o funcionamento do Concello, e manifesta igualmente que seguirán controlando e fiscalizando a laboura do Grupo de Goberno, e que non está para nada paralizado o rexistro como di a Sra.Alcaldesa, pois apenas hai movementos nesa hora da mañá pero que os veciños de Viveiro agradecen a laboura de control e seguimento que están a desempeñar na Corporación de Viveiro e que pensan seguir facendoo.



De novo pola Sra.Alcaldesa, respóndelle ao voceiro do Grupo Municipal do P.P. Sr. Bouza Rodil, que a traballadora do rexistro xeral do Concello ten que parar de traballar ata que vostedes cesan cas consultas, e claro que se paraliza perante unha hora de consulta os días asinados de nove a dez xa que a traballadora ten que estar parada.

Dando por rematado o debate a Sra. Alcaldesa manifesta que vai pasar á votación a súa proposta, e seguidamente:

Sometida a votación ordinaria o expediente do orzamento coa proposta da Sra.Alcaldesa-Presidenta para aprobación do Orzamento para o exercicio 2015, arroxa o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (8), que resultan ser dos membros do Grupo de Goberno PSdG-PSOE.

Votos en contra: seis (6), que resultan ser, cinco (5) votos en contra dos membros do Grupo Municipal do P.P, ; e un (1) voto do concelleiro de Son Viveiro.

Abstencions; tres (3), que resultan ser dos membros do Grupo Municipal do BNG,

polo que o Pleno Corporativo, por maioría de oito votos a favor, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral ou consolidado que ascende a TRECE MILLONS SETENTA E SEIS MIL CENTO COARENTA E CINCO CON OITO) **13.076.145,08 €uros en ingresos e** TRECE MILLONS DOUS MIL NOVECENTAS VINTETRES CON SESENTA E UN EUROS (13.002.923,61 €uros)en gastos para o exercicio 2015, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria, integrado polo do propio Concello que ascende a **DOCE MILLONS SEISCIENTAS CIONCOENTA E CINCO MIL SESENTA E SEIS CON OITENTA E CINCO EUTOS (12.655.066,85 € en ingresos e gastos,** o prorrogado da Empresa Turviveiro,S.L. que ascende a 277.870,00€ en ingresos e 276.386,22 € en gastos, e o prorrogado da empresa Aparcamientos de A.Mariña, S.L. que ascende a 143.208,23 € en ingresos e 137.570,54 € en gastos, co seguinte resumen:



INGRESOS

C	DENOMINACION	AYUNTAMIENT O	TURVIVEIRO	APAR.A. MARIÑA	TRANSF INTERNAS	CONSOLIDADO
1º	Impuestos Directos	4.821.891,34	0,00	0,00		4.821.891,34
2º	Impuestos Indirectos	65.000,00	0,00	0,00		65.000,00
3º	Tasas y otros ingresos	3.550.714,00	277.870,00	28.000,00		3.856.584,00
4º	Transferencias Corrientes	4.155.676,51	0,00	28.208,23		4.183.884,74
5º	Ingresos Patrimoniales	61.785,00	0,00	77.000,00		138.786,00
6º	Enajenación de Inversiones Reales	0,00	0,00	10.000		10.000
7º	Transferencias de Capital	0,00	0,00	0,00		0,00
8º	Activos Financieros	0,00	0,00	0,00		0,00
9º	Pasivos Financieros	0,00	0,00	0,00		0,00
TOTAL		12.655.066,85 €	277.870,00	143.208,23		13.076.145,08

GASTOS

C	Denominacion	Ayuntamiento	Turviveiro	Aparca a Mariña	Transf. Internas	consolidado
1º	Gastos de Personal	4.903.742,64	193.977,22	106069,00		5.203.788,86
2º	Gastos de bienes corrientes y de servicios	6.397.499,64	81.659,00	31.451,54		6.510.610,18
3º	Gastos Financieros	101.393,56	750,00	50,00		102.193,56
4º	Transferencias Corrientes	357.437,84	0,00	0,00	-86.100,00	301.337,84
5º	Fondos de Continxencia e outros imprevistos	25.000,00	0,00	0,00		25.000,00
6º	Inversiones Reales	197.715,06	0,00	0,00		197.715,06
7º	Transferencias de Capital	0,00	0,00	0,00		0,00
8º	Activos Financieros	0,00	0,00	0,00		0,00
9º	Pasivos Financieros	572.655.066,85	276.386,22	137.570,54	-56.100,00	13.002.923,61
TOTAL		12.655.066,85€	276.386,22	137.570,54	-56.100,00	13.002.923,61€

Segundo.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento 2015.

Terceiro.- Aprobar o cadro de persoal comprensivo de tódolos postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, nos termos en que aparece no Anexo de Persoal do Orzamento. O presente Anexo de Persoal foi confeccionado a partir do



Convenio Colectivo do persoal Laboral e do Acordo Marco do persoal funcionario do Concello de Viveiro vixentes.

Cuarto.– Aprobar o límite de gasto non financeiro para 2015 ascendente a 12.108.918,22 € e a masa salarial do persoal laboral ascendente a 2.304.061,71 €.

Quinto.– Dación de conta do Anexo de Inversións do 2015.

Sexto.– Manter as modificacións orzamentarias efectuadas no orzamento prorrogado agás os suplementos de crédito e as transferencias incluídas no presente orzamento.

Sétimo.– Expoñer ó público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha, en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Oitavo.– Remitir copia do expediente, recaída a aprobación definitiva, ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 169.4 do Real Decreto 2/2004 e artigo 15.3 da Orden FAP/2105/2012, de 1 de outubro.

E sen máis asuntos a tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as quince horas, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria accidental, dou fe.

A SECRETARIA ACCTAL